



Recomendación dirixida á Consellería de Sanidade para que poña en marcha con urxencia a transferencia ás universidades das escolas de enfermería das que é titular o Sergas

Expediente: D.3.Q/23162/15

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2017

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dona [REDACTED] referente ao procedemento para a cobertura dunha praza docente na Escola Universitaria de Enfermería da Universidade de Vigo.

#### ANTECEDENTES

Nesta institución tramitouse con anterioridade unha queixa promovida pola mesma persoa (D.3.Q/316/12) e que tiña, substancialmente, idéntico obxecto: a situación na que se atopan algunhas prazas docentes da Escola Universitaria de Enfermería da Universidade de Vigo nas que, malia as esixencias de reforma dos cadros de profesorado pola incorporación dos actuais graos para poderen atender as necesidades docentes, non se ten producido a obrigada adaptación do profesorado da Escola ao establecido na lexislación vixente. A pesares de que o título impartido ten atravesado unha profunda transformación pasando de ser unha diplomatura a un grao universitario adaptado ao EEES, a estrutura do seu cadro docente mantense cunha elevada presenza da figura de profesor con venia docendi. En algúns casos, estes profesores que imparten docencia nun grao non teñen unha titulación axeitada para impartir docencia universitaria.

No seu escrito, esencialmente, indicábanos que a docencia da materia de Psicoloxía (nove créditos en primeiro curso de grao) na EU de Enfermería de Ourense está asignada a Dona [REDACTED]. A persoa promotora da queixa require información sobre cal é o corpo ou categoría de profesorado que ostenta esta persoa. O motivo da queixa é o procedemento de

cobertura da praza na materia de Psicoloxía no primeiro curso do Grao da Escola Universitaria de Enfermería de Ourense, adaptada ao EEES.

Segundo consta na páxina web da escola, a praza ven sendo ocupada desde 1995 por ■■■■, doutora en Psicoloxía, sen título de especialista, descoñecendo o tipo de contratación que se ten feito no ámbito das figuras de contratación do profesorado universitario. A posible vulneración dos principios de igualdade, mérito e capacidade nunha universidade, e do principio de publicidade débese a que se descoñece como accedeu a esta vacante. O escrito solicitaba literalmente información sobre o seguinte:

“En el caso de ser una plaza de profesor asociado, que se indique la convocatoria, año del proceso, solicitudes, listas de admitidos y excluidos, comisión evaluadora, criterios de valoración, resolución del procedimiento, recurso y toma de posesión.

Si el nombramiento es a través de venia docendi por parte del Patronato, señalar las renovaciones anuales y fechas en que se reúne el Patronato para proceder a la renovación u otro tipo de modificación.

Si se comprueba otro tipo de nombramiento, qué tipo de procedimiento y qué figura aparece regulada conforme a la normativa universitaria para llevar a cabo el proceso selectivo para ocupar esta plaza.”

**Nun escrito complementario remitido ao seguinte curso académico, a persoa promotora das queixas sinala literalmente :**

“Para o acceso á docencia nestas Escolas de Enfermería adscritas á Universidade se teñen dúas vías de acceso; por concurso público como móstrase na última convocatoria pública na Universidade de Santiago de Compostela publicada no Diario Oficial de Galicia na data do 16 do setembro de 2014 e a outra vía, o acceso coa Venia Docendi que se obtén cando é persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, tanto sexa estatutario fixo ou contratado e que nos dous casos se require estar en posesión do PIR (Psicólogo Interno Residente).

No caso da sra. ■■■■ se descoñece o proceso selectivo e a convocatoria pública no Diario Oficial de Galicia (DOG), xa que outro modo de acceso non é posible, xa que carece da formación do PIR.

Na páxina web da Escola de Enfermería en Ourense se confirma que o sr. ■■■, está impartindo docencia xunto coa sra. ■■■, do cal tamén se descoñece a publicación do proceso selectivo nesta materia de Psicoloxía”.

Segundo a información achegada por mor do primeiro expediente de queixa (D.3.Q/316/12) por parte da dirección da Escola Universitaria de Enfermería de Ourense,

*“a venia docendi para a impartición dunha materia ou disciplina concreta será outorgada con carácter permanente e, no seu caso, será revisada a proposta do delegado/a da Universidade no correspondente centro adscrito. A profesora Dra. Dona ■■■ incorporouse nese centro como colaboradora da materia de Ciencias Psicosociais aplicadas a Enfermería, pasando a ser profesora responsable da mesma, segundo a normativa vixente, en primeiro curso no ano académico 1995-1996 e así consta en acta de xunta de padroado celebrada o 10 de outubro de 1995 nas dependencias desta Escola*

*Dende o curso 1995-1996, está a ser profesora responsable da materia anteriormente mencionada coa venia docendi da Universidade de Vigo”.*

Porén, do informe dedúcese que a Escola Universitaria de Enfermería xustifica este nomeamento sobre a base dunha normativa que xa non pode aplicarse. En primeiro termo, que o Decreto 242/2008 de 9 de outubro, polo que se regulan a natureza, os fins e os órganos de goberno das escolas universitarias de enfermaría, dependentes da Consellería de Sanidade, no artigo 8º, recolle como funcións do padroado a de nomear o profesorado por proposta de xunta da escola. O informe da Escola invoca tamén o Regulamento de Centros Adscritos aprobado no claustro universitario do 20 de decembro de 2007 que contempla entre as funcións do padroado a de definir o marco do desenvolvemento da actividade docente e supervisar a organización académica do centro. O artigo 27.1 establece que o profesorado dos centros adscritos deberá contar coa venia docendi da Universidade de Vigo para a materia ou materias e disciplinas ao seu cargo. A venia docendi constitúe o recoñecemento explícito, por parte da Universidade de Vigo, de que cada profesor/a dun Centro adscrito cumpre cos requisitos esixidos para o exercicio da docencia no centro.

Aquí radica precisamente o problema. A Escola Universitaria de Enfermería de Ourense non parece ter adaptado o seu profesorado aos requisitos esixidos para o exercicio da docencia no centro pola implantación dos novos graos e ao abeiro da nova normativa sobre o profesorado imposta pola LOU que reestrutura as figuras que compoñen os corpos docentes universitarios segundo as seguintes modalidades de contratación: Axudante, Profesor Axudante Doutor, Profesor Contratado Doutor, Profesor Asociado e Profesor Visitante.

No primeiro expediente de queixa (D.3.Q/316/12), solicitouse informe tamén á Consellería de Sanidade e a Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A Consellería de Sanidade informou no ano 2013 do seguinte:

1. As Escolas Universitarias de Enfermaría (EUE) son xestionadas nos aspectos económico-administrativos polo seu titular, o Servizo Galego de Saúde (SERGAS), a través dos Complexos Hospitalarios ou Xerencias de Xestión Integrada correspondentes, que asumen a xestión económica e patrimonial. A nómina do persoal docente é pagada polo respectivo Complexo Hospitalario, salvo as prazas vinculadas, existindo diferentes situacións:

- Profesores da universidade: retribucións con cargo aos presupostos da mesma.

- Profesores con vinculación laboral ao Complexo Hospitalario: retribucións pola súa labor docente con cargo ao Capítulo I.

- Profesores vinculados ao SERGAS que non pertencen ao cadro do persoal do Complexo Hospitalario: retribucións pola súa labor docente con cargo a Capítulo I.

- Profesores da Escola sen vinculación laboral co SERGAS: dado que os seus honorarios non poden ser satisfeitos con cargo aos orzamentos dos respectivos centros hospitalarios, realízase unha convalidación de gasto polo Consello da Xunta.

2. As taxas académicas son as aprobadas polo correspondente Decreto da Consellería de Educación. O 25% das taxas de matrícula son percibidas pola Universidade, xunto ao total de taxas administrativas e de xestión (certificados, entre outros). O restante 75% o percibe Tesourería da Xunta de Galicia. O Ministerio de Educación compensa o correspondente ás taxas de matrícula dos alumnos beneficiados por concesión de beca.

3. O órgano superior de goberno das escolas é o seu padroado. A presidenta é a Conselleira de Sanidade, habendo delegado mediante orde no respectivos xerentes dos hospitais ou xerencias de xestión integrada, e o vicepresidente o reitor da respectiva universidade, estando prevista a delegación en ambos casos.

4. O profesorado dos centros adscritos debe contar coa Venia Docendi, outorgada por o reitor da universidade correspondente, a proposta do centro adscrito e tras informe do delegado da universidade. De carácter permanente para a materia na que se outorga,

constitúe un requisito previo á contratación do profesor. A selección do persoal docente, o seu nomeamento e contratación corresponde ó SERGAS, como titular das escolas. O regulamento de centros adscritos da Universidade de Vigo especifica que a selección de persoal farase a través de concurso público segundo o establecido pola normativa propia da universidade, no que lle sexa de aplicación.

5. En desenvolvemento do previsto polo Espazo Europeo de Educación Superior a titulación de enfermería impartida nas tres universidades galegas (UDC, USC, UVIGO) transformouse a grao. Isto supuxo un novo plan de estudos, con catro anos lectivos (antes eran tres anos) e un fondo cambio no deseño curricular e na metodoloxía docente, na que se potencia moito a formación práctica a desenvolver nos centros sanitarios. A modo de exemplo inclúese como anexo o cadro de materias e créditos. Durante o período 2008 — 2009 cada unha das universidades presentou a solicitude de verificación do correspondente título oficial, solicitude elaborada coa participación das EUE adscritas a respectiva universidade. Estas solicitudes foron avaliadas pola ACSUG (Axencia para a Calidade no Sistema Universitario de Galicia) como requisito previo a súa aprobación. Nun anexo inclúense os informes de avaliación dispoñibles nesta data (UDC e UVIGO), coas recomendacións propostas.

6. A incorporación do grao en enfermería esixiu cambios organizativos nas escolas e un reforma dos cadros de profesorado para poder atender ás necesidades docentes. Na actualidade, estase a propoñer a transferencia das escolas das que é titular o SERGAS ás respectivas universidades. Considérase a mellor opción para o seu futuro, tanto a nivel de adscrición de docentes como de unificación de procedementos cos demais centros docentes universitarios. Sobre todo, tendo en conta as esixencias que a implementación e mantemento do Grao en Enfermería supón. Esta é a evolución xeral en todas as comunidades autónomas, quedando unha liña de colaboración do sistema sanitario no eido da realización de formación práctica dos alumnos. Nese proceso, incluírase un réxime transitorio para a adaptación do cadro de profesorado ás figuras contempladas na Lei 4/2007.

Pola súa parte, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, na súa Secretaría xeral de Universidades, manifestou no informe remitido a esta institución que as competencias da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación á situación do profesorado de centros adscritos a universidades públicas de Galicia, unha vez que o plano de estudos do grao obtivo a verificación do Consejo de Universidades céntranse principalmente en velar pola efectiva e correcta impartición do título, exercendo unha labor de coordinación, sen posibilidade de inmiscirse nos preceptos que entran a regular os procedementos e órganos dentro das universidades que dan cumprimento aos obxectivos da norma e menos aínda entrar no terreo da autoorganización que corresponde a cada universidade. O informe remata indicando o seguinte:

A partir da promulgación da Lei Orgánica de Universidades 6/2001, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril e o establecido na disposición adicional novena en relación ao artigo 72 sobre a adaptación do profesorado da Escola aos preceptos citados, a consellería puxo en marcha os mecanismos necesarios, solicitando da totalidade dos centros adscritos a elaboración dun plan progresivo de mellora de tal xeito que para o curso 2014–2015 estean en condicións de cumprir os mínimos da lexislación vixente. De acordo co este plan recíbese anualmente das universidades do SUG un informe sobre a evolución do profesorado que neste senso están a facer, constatándose que no xeral os centros adscritos evolucionan positivamente.

Non obstante o anterior, correspóndelle a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia no exercicio das súas competencias, levar a cabo un seguimento anual do cumprimento do proxecto contido no plano de estudos previamente informado e verificado polo Consejo de Universidades.

## ANÁLISE

A pesar dos informes requiridos, non se conseguiu esclarecer cal é a normativa vixente e cales son as modalidades de contratación das que se pode facer uso nas Escolas Universitarias de Enfermería adscritas nas que se imparten os novos graos; si é posible que os padroados renoven os nomeamentos sobre a base dunha venia docendi sen sacar as prazas a concurso público; tampouco se clarificou se a praza de docente na materia de Psicoloxía na EU de Enfermería de Ourense saíu ou non a concurso público; cal ten sido o procedemento de cobertura ao abeiro da nova lexislación en materia de profesorado universitario e como se procedeu á selección e nomeamento das persoas que teñen asignada a docencia.

En concreto, resulta problemática a adaptación do profesorado da Escola Universitaria de Enfermería de Ourense á lexislación vixente; as figuras de profesores “colaboradores” que figuran no cadro de persoal na páxina web por contraposición ao profesorado “titular”; os motivos polos que non figuran os corpos ou categorías de profesorado no cadro (Axudante, Profesor Axudante Doutor, Profesor Contratado Doutor, Profesor Asociado e Profesor Visitante ou as prazas asistenciais do Sergas vinculadas con prazas docentes universitarias), e só se fai referencia á titulación académica, cando se está a impartir docencia nun grao universitario.

Considérase da máxima urxencia resolver con urxencia a adaptación da docencia nestas escolas universitarias de enfermería, incluídas as escolas adscritas a Universidade de Vigo. A propia Consellería de Sanidade salienta que a esixencia de cambios organizativos nas escolas

de enfermería e unha reforma dos cadros de profesorado para poder atender ás necesidades docentes.

Esta institución comparte o criterio de que a transferencia das escolas das que é titular o SERGAS ás respectivas universidades resulta a mellor opción para o seu futuro, tanto a nivel de adscrición de docentes como de unificación de procedementos cos demais centros docentes universitarios. Sobre todo, tendo en conta as esixencias que a implementación e mantemento do Grao en Enfermería supón. Esta é a evolución xeral en todas as comunidades autónomas.

### CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa consellería a seguinte recomendación:

Que a Consellería de Sanidade poña en marcha coa maior urxencia posible os procedementos para a transferencia das escolas universitarias de enfermería das que é titular o SERGAS ás respectivas universidades.

Que se acorde e manteña unha liña de colaboración do sistema sanitario no eido da realización de formación práctica dos alumnos.

Que se inclúa un réxime transitorio para a adaptación do cadro de profesorado ás figuras contempladas na Lei 4/2007.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con

especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo